




Identificación del Registro y Funcionario REGISTRO MARIA PITA EVC		<b>SELLO DE ENTRADA</b> Fecha:19/09/2024 Número:70085  15030 A RMPE181I2T
Código del Asiento RMPE181I2T	Fecha y Hora de Registro 19/09/2024 13:22:17	

## JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS EN EL REGISTRO

FECHA, HORA Y NUMERO DE REGISTRO

**19/09/2024 13:22:17 nº70085**

EXTRACTO (Contenido del escrito)

**ALEGACIONES AO CONVENIO URBANISTICO DOS POLIGONOS RB1, RB2 E RB3 E DOS NUCLEOS DAS XUBIAS**

INTERESADOS

**PRI: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DA CORUÑA**

DOCUMENTACIÓN APORTADA

**174922033B0X061W17GJ - Solicitud general**  
**Copia original**

Este justificante deberá ser presentado para obtener cualquier información sobre el escrito al que hace referencia.

LEYENDA: [F]Funcionario [N]Negociado [O]Otros [PRI]Principal [REP]Representante [SEC]Secundario

## CONCELLARÍA DE URBANISMO

Servizo de Planeamento e Xestión do Solo

Avia Veira González, como concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello da Coruña con efectos para as notificacións na praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña (A Coruña),

### EXPOÑO

Que coñezo que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 30 de xullo de 2024, aprobou o Convenio urbanístico mixto de planeamento e execución urbanística para a renovación urbana e posta en valor do espazo litoral dos polígonos RB1, RB2 e RB3 e dos núcleos das Xubias de Arriba e das Xubias de Abaixo.

Que está aberto o trámite de exposición pública logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, número 158, do 19 de agosto de 2024.

E en consecuencia,

### ALEGO

**Primeiro.- Que través deste convenio urbanístico o Concello da Coruña e a entidade Castro de Oza SL acordan renunciar a unha ordenación conxunta e integrada do ámbito da API S-35 Ría do Burgo e a exclusión dos polígonos RB1, RB2 e RB3 da Modificación Puntual do PXOM “Área de Planeamento Incorporado S-35 da Ría do Burgo”.**

Isto establécese no punto iv da parte do convenio en que se recollen os propios obxectivos do convenio así como nas propias obrigas asumidas polo Concello da Coruña.

Con esta alegación solicitamos a eliminación de toda referencia á exclusión dos polígonos RB1, RB2 e RB3 da Modificación Puntual do PXOM “Área de Planeamento Incorporado S-35 da Ría do Burgo” aprobada na Xunta de Goberno Local do 3 de marzo de 2022.

Solicitamos a tramitación en primeiro lugar da Modificación Puntual do PXOM “Área de Planeamento Incorporado S-35 da Ría do Burgo para poder obter en primeiro lugar unha ordenación conxunta do ámbito e que polo tanto esta sexa a primeira das obrigas do Concello da Coruña.

En consecuencia, solicitamos que se volva redactar o convenio facendo referencia á nova denominación dos polígonos segundo a Modificación Puntual do PXOM e a eliminación dos cambios que se introducen a respecto deste documento de planeamento.

**Segundo.- Con este convenio o Concello da Coruña renuncia a exercer a súa potestade de planificar e ordenar o ámbito e deposita esta atribución en terceiros.**

Non só o fai coa exclusión dos polígonos citados da Modificación Puntual senón deixando en mans da entidade coa que se asina o convenio a redacción do Plan Especial así como a contestación ás alegacións.

Solicitamos que se eliminen dos compromisos da entidade asinante de emitir informe sobre as alegacións que se puidesen presentar no período de información ao público.

**Cuarto.- Este convenio abre a porta á eliminación da vía do tren que transcorre pola beira do mar.**

Con esta alegación solicitamos eliminar o punto 10 da estipulación cuarta que di "Impulsar a transformación do eixo ferroviario, converténdoo nun elemento de relación coa costa e valorando o seu uso como vía de transporte colectivo e/ou sostíbel ou, no seu caso, a súa transformación nun paseo para peóns, bicicletas e transporte público."

**Quinto.- Ao convenio fáltalle documentación esencial que debera ser pública: o acordo conciliatorio entre o Concello da Coruña e Landcompany e que se menciona no texto do Convenio.**

Solicitamos que se volva expoñer o convenio ao público, desta vez con toda a información necesaria para coñecer as súas implicacións. Isto é achegando como un anexo o acordo conciliatorio entre Landcompany e o Concello da Coruña e que se di que a entidade asume, que o convenio nomea e que é determinante para o que se determine no polígono afectado.

**Sexto.- O convenio contén unha referencia errada ao topónimo da cidade na súa páxina 22.**

Solicitamos que se corrixa na páxina 22 a referencia ao topónimo da cidade e se recolla a súa única forma oficial segundo a lexislación galega.

Por todo isto,

SOLICITO

Que se estimen as presentes alegacións e a súa consideración de cara á tramitación do Convenio urbanístico mixto de planeamento e execución urbanística para a renovación urbana e posta en valor do espazo litoral dos polígonos RB1, RB2 e RB3 e dos núcleos das Xubias de Arriba e das Xubias de Abaixo.

Na Coruña, 19 de setembro de 2024



Avia Veira González

Concelleira do BNG no Concello da Coruña